

**Unidade 0: Introducción**

- Atmosfera: Capa gasosa que rodea a Terra e que está adherida a esta pola forza da gravidade. Na composición do aire atmosférico participan principalmente o nitróxeno e o osíxeno aínda que existen outros moitos como o argón, o CO<sub>2</sub>, neón, hidróxeno, helio...
- Biosfera: Ámbito onde se desenrola a vida da Terra. Comprende a litosfera, a hidrosfera e a troposfera.
- Hidrosfera: Parte da terra cuberta de auga ou xeo.
- Latitude: Distancia angular (medida en graos) entre un punto calquera da Terra e o ecuador. Pode ser norte ou sur.
- Litosfera: Capa ríxida constituínte do globo terrestre, situada por riba da atmosfera, viscosa, que abrangue algunhas decenas de quilómetros de espesor ata a superficie (nela inclúese a codia terrestre e a parte máis externa do manto)
- Lonxitude: Distancia angular (medida en graos) desde calquera punto da Terra ao meridiano 0°. Pode ser leste ou oeste.
- Meridiano: Liña imaxinaria semicircular que vai de polo a polo. Xunto cos paralelos constitúen a rede xeográfica. O principal é o que pasa por Greenwich e serve como referencia para calcular a lonxitude de calquera punto da superficie terrestre.
- Paralelo: Liña imaxinaria resultado da intersección dun plano perpendicular ao eixe da Terra, e que ten como finalidade determinar a latitude dun punto calquera da superficie terrestre.
- Xeografía: Ciencia que estuda a superficie terrestre, as características e diversidade dos fenómenos físicos e humanos no espazo, a relación entre o home e o medio e as configuracións rexionais.
- Xeografía Física: Parte da xeografía que analiza as características naturais da superficie terrestre. Estuda as características dos fenómenos físicos, a súa distribución e as súas asociacións.
- Xeografía Humana: Estuda a relación do home co seu medio ambiente e as manifestacións espaciais a que dá lugar. Engloba o estudio da poboación, da economía, da sociedade...

**Unidade 1: o medio físico**

- Campiña: Espazo de terreo agrario amplo que ten como característica fundamental a súa planitude.
- Estrato Sedimentario: Cada unha das capas de características uniformes e diferenciadas das doutras capas que son parte integrante das rochas sedimentarias. Os seus trazos distintivos son: a composición, disposición, espesor, cor e textura dos materiais.
- Falla: Fractura de orixe tectónica que se produce cando as rochas da codia se atopan sometidas a forzas verticais ou radiais que sobrepasan o límite da súa resistencia, producíndose a súa ruptura acompañada ou non dun desprazamento dos bloques fallados.

- Fosa Tectónica: Depresión de forma alongada coincidente cun bloque afundido limitado por fallas máis ou menos paralelas e bloques levantados.
- Glaciar: Masa de xeo acumulada por riba do límite de neves perpetuas, dende onde se despraza val abaixo en forma de lingua ata que se vai consumindo.
- Litosfera: Capa ríxida constituínte do globo terrestre, situada por riba da astenosfera, viscosa, que abrangue algunhas decenas de quilómetros de espesor ata a superficie (nela inclúese a codia terrestre e a parte máis extensa do manto)
- Meseta: Superficie cha de importante extensión, horizontal ou lixeiramente basculada, elevada con respecto ao nivel do mar. Apenas presenta accidentes topográficos de importancia e os seus rebordos poden ser montañosos.
- Oroxenia: Período durante o cal se desenvolven procesos oroxénicos. Desenvólvese en varias fases dun amplo período de tempo. Pola súa importancia, no relevo actual, cabe destacar dúas oroxenias: a herciniana (era primaria) e a alpina (era terciaria).
- Penechaira: superficie de erosión moi suavemente ondulada, sen apenas diferenza de altura entre os vales e os interfluxos, que resulta da última fase de arrasamento dun relevo da Era Primaria pola erosión.
- Placa Tectónica: cada un dos fragmentos no que se divide a litosfera.
- Prega: accidente tectónico de carácter flexible desenvolvido en materiais sedimentarios, como consecuencia da presión exercida por forzas de compresión. Corresponde a unha ondulación dos estratos e consta dunha parte convexa, cara arriba (anticlinal) e unha parte cóncava (sinclinal), que se suceden espacialmente dando lugar ós estilos tectónicos de pregamento.
- Sedimentación: Acumulación de material de orixe detrítica, química ou orgánica, nun medio mariño, continental ou lacustre, na maioría dos casos despois de ser transportado a un medio diferente do que se atopaba orixinalmente.
- Tómbolo: barra litoral de escasa lonxitude e superficie reducida que comunica unha illa cercana coa costa do continente. Fórmase pola acumulación de cantos, gravas e areas, que producen as ondas refractarias ao chocar coa illa.
- Transgresión Mariña: movemento de ascenso do nivel do mar sobre o continente debido a un aumento do nivel das augas, como cando se fundiron os glaciares.
- Zócolo: Masa de materiais antigos consolidados, metamórficos e cristalinos, que actualmente se presenta como unha superficie de erosión que pode estar recuberta por materiais sedimentarios.

## Unidade 2: o tempo e o clima

- Anticiclón: área na que o aire rexista unha presión elevada. Esta presión sitúase por riba dos 1016 mb. Debúxanse con series de isóbaras concéntricas de formas case circulares e espazadas onde vai diminuindo a presión do interior ao exterior.
- Barlovento: parte dun relevo ou zona oriental cara ao lugar onde ven o vento.
- Borrasca: área de baixas presións. Na súa representación cartográfica as isóbaras debuxan formas circulares ou elípticas concéntricas a partir dun punto interior no que se rexista a presión máis baixa estando as presións superiores no seu borde.
- Clima: estado medio da atmosfera sobre unha rexión, entendido como a sucesión habitual dos tipos de tempo.
- Corrente en Chorro (Jet-Stream): corrente tubular, estreita, onde os ventos do oeste da alta troposfera acadan a máxima velocidade debido á existencia dun forte gradiente de temperatura.
- Fronte: área de discontinuidade que separa, mediante un plano inclinado, dúas masas de aire de diferentes características.
- Microclima: clima dunha área específica, de moi reducidas dimensións, que presenta contrastes co da área na que se atopa inserto. Pode ser de orixe natural ou condicionado polo home.
- Solana: Ladeira dunha montaña orientada ao sur e que, en consecuencia, recibe a maior cantidade de sol e calor posibles no lugar concreto no que esta situada.
- Sotavento: ladeira a resguardo do vento, oposta á de barlovento, sendo máis seca ca esta.
- Tempo: situación atmosférica nunha área determinada e durante un período de tempo breve.

## Unidade 3: a auga

- Acuífero: capa subterránea permeable que conduce as augas de fondo, que poden ser aproveitadas por mananciais ou pozos.
- Albufeira: lago salgado separado do mar por un cordón litoral areoso. Pode ter contacto temporal ou permanente co mar e, ao final, acaba converténdose na marisma e colmatándose polos aportes terrestres.
- Aridez: ausencia ou escaseza de humidade, produto de situacións atmosféricas ou climáticas que ocasionan a ausencia ou o déficit das precipitacións, forte insolación, etc.
- Caudal Absoluto: cantidade de auga que pasa nun segundo por un punto dado dun río.
- Caudal Relativo: relación entre o caudal absoluto e os Km<sup>2</sup> que ten a conca hidrográfica.

- Cliserie: Serie de asociacións ou grupos de vexetación que se gradúan altitudinalmente segundo a sucesión de dominios climáticos. A gráfica que representa isto tamén leva o mesmo nome.
- Conca Fluvial: área delimitada por todas as divisorias de augas dos ríos que forman un sistema fluvial.
- Delta: saínte costeiro que se forma cando un río aporta máis sedimentos dos que pode verter no mar, por tratarse dunha masa tranquila de auga, sen fortes correntes nin excesivo oleaxe. En España destaca o delta do Ebro.
- Devesa: explotación agrogandeira, que nas zonas de serra ten tamén aproveitamento forestal. A terra cultívase algúns anos con cultivos de secaño e déixase descansar outros, servindo entón de pasto do gando porcino ou bovino. É característica das zonas do leste peninsular.
- Edafoxénese: proceso de formación dun solo no que interveñen unha serie de procesos e factores denominados formadores que poden actuar de forma pasiva ou activa pero son simultáneos e interconectados.
- Especie Xerófila: vexetación que se desenvolve en ambientes áridos, estacional ou permanente, onde as plantas se acomodan ao déficit hídrico e á elevada insolación.
- Esteiro: extensión mariña próxima á desembocadura dun río, na que as interaccións de mar e río son notables.
- Estiaxe: nivel máis baixo que as augas dun río teñen estacionalmente. Segundo o réxime do río, pode coincidir ou diferir, en maior ou menor medida, co mínimo anual de precipitacións.
- Landa: formacións vexetais de baixo porte nas que predomina a familia das eríáceas e das leguminosas, que se localiza en solos incultos, ácidos e de clima húmido.
- Maquis: matogueira baixa de arbustos e matas aromáticas propias do clima mediterráneo e moi rica en especies que medra sobre solos silíceos.
- Rambla: cauce seco dun torrente, polo que soamente circula a auga ocasionalmente, con motivo de precipitacións curtas, intensas e violentas. Son frecuentes nas costas mediterráneas.
- Réxime Pluviométrico: evolución da cantidade de precipitacións que cae durante un ano nun lugar determinado.
- Ría: val fluvial asolagado en parte ou na súa totalidade polas augas do mar. Pode presentar meandros e seccións rectilíneas igual que un río.
- Terraza Fluvial: socalco fluvial, forma de acumulación orixinada pola actividade dun río e que se localiza nun val. Constituídas por cantos rodados que se estratifican con areas e limos.
- Vexetación Clímax: fase final do desenvolvemento dunha comunidade vexetal na que esta adquire unha estrutura complexa, atopándose en equilibrio co seu entorno.

- Contaminación Acústica: agresión que sofren o home e a natureza a causa dos efectos nocivos do alto nivel de ruído nas cidades.
- Contaminación Atmosférica: alteración da composición e das características do aire atmosférico. O desenvolvemento da sociedade industrial provoca a emisión á atmosfera dunha cantidade crecente de residuos que esta non é capaz de asimilar.
- Contaminación industrial: orixinada pola actividade industrial. A agresión contra o medio ambiente céntrase principalmente no aire, pola acción dos fumes de combustión e dos gases tóxicos, e na auga no caso dos vertidos.
- Chuvia Ácida: tipo de chuvia que se produce nun medio contaminado. A súa xénese débese ao contacto dos óxidos de xofre e nitróxeno, procedentes da carburación de motores de explosión, fábricas, ... coas pingas da chuvia.
- Deforestación: destrución ou desaparición dun bosque por causas diversas entre as que poden estar a tala de árbores, os incendios forestais, ataques de pragas, etc.. Dá lugar a unha intensa erosión dos solos.
- Desertización: proceso de degradación ambiental, especialmente significativo na cuberta vexetal.
- Efecto Invernadoiro: proceso que explica o quecemento da atmosfera terrestre, por similitude co que acontece nun invernadoiro. Consiste en que a atmosfera pode ser atravesada pola radiación solar calorífica, de onda curta, pero non por toda a radiación terrestre, de onda longa, gran parte da cal é absorbida polo vapor de auga e o dióxido de carbono.
- ReciclaXe: aproveitamento do lixo ou subprodutos industriais, que mediante un determinado proceso de transformación, son convertidos en produtos útiles.
- Residuos Sólidos Urbanos: residuos propios dos núcleos urbanos, como lixo, materias industriais, ferramentas, enseres domésticos, etc.

### **Unidade 5: a organización de España**

Comunidade Autónoma: unidade territorial que conta cun certo grao de autogoberno, inscrita nunha unidade territorial de ámbito maior e soberana que é o Estado.

- Inflación: importante alteración no nivel xeral de prezos a causa dunha distorsión entre o diñeiro circulante e a circulación xeral de bens.
- Municipio: división administrativa do territorio dirixida por un alcalde e concello. No caso dos concellos rurais de Galicia pode considerarse máis ben como un conxunto de parroquias reunidas baixo unha dirección administrativa común.

- Parroquia: unidade básica de división territorial en Galicia. Posúe unha grande importancia na articulación e distribución xeográfica do espazo, xa que ao seu redor desenvólvese toda a vida do agro.
- Produto Interior Bruto (PIB): suma do valor de tódolos bens e servizos obtidos nun país durante un ano descontando a parte debida por bens e servizos de países estranxeiros e sumando a parte obtida noutros países.
- Provincia: área administrativa do estado con xurisdición sobre un grupo de concellos.
- Rexión: división espacial básica na xeografía, que vén definida por uns trazos que lle dan coherencia interna. Este concepto é moi amplo e indefinido, e pode ter distintas concepcións segundo os criterios utilizados.

#### **Unidade 6: a poboación**

- Censo de Poboación: recopilación de datos relativos ao número de individuos que compoñen unha determinada poboación e as súas principais características.
- Esperanza de Vida: cálculo do número de anos que un individuo pode esperar vivir ou ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes.
- Poboación Activa: sector da poboación que se atopa en idade apta para traballar.
- Réxime Demográfico: situación da poboación cunhas características concretas que se deu ao longo dunha etapa histórica. Podemos falar do réxime antigo, de transición e moderno.
- Saldo Migratorio: balance entre a inmigración e a emigración (inmigrantes menos emigrantes). Se o resultado é positivo indica inmigración e se é negativo emigración.
- Taxa de Fecundidade: taxa que pon en relación o número de nacidos vivos co número de mulleres en idade de procrear (15 a 45 anos)

#### **Unidade 7: o urbanismo**

- Área Periurbana: franxa de espazo rural, con extensión variable segundo o tamaño da cidade e o momento no que se a estude, que rodea á cidade. Acolle usos do solo, influencias sociais e económicas e impactos ambientais de certa intensidade xerados pola cidade.
- Cidade Dormitorio: tipo de cidade satélite que posúe unha funcionalidade específica relacionada coa presenza preponderante de áreas de tipo residencial. Son cidades que complementan a outra de

- maior categoría onde viven persoas que habitualmente desenrolan desprazamentos diarios ligados o seu traballo na cidade principal.
- Ensanche: sistema de planeamento español ideado para solucionar as carencias do solo urbanizable nas cidades. A súa implantación foi tardía, xa que a pesar da penuria das vivendas, o tipo de vivenda que se podía producir non era asequible á clase traballadora. Caracterízase por ter un plano en forma de cuadrícula.
  - Parroquia: unidade básica de división territorial en Galicia.
  - Plan Xeral de Ordenación Municipal: segundo a Lei do Solo, os planes xerais municipais de ordenación son instrumentos de ordenación integral do territorio. Entre os seus principais cometidos está o de clasificar o solo. Pode abarcar un ou varios municipios.
  - Solo Urbanizable: cualificación do solo que designa os terreos declarados como edificables polo Plan Xeral Municipal.
  - Xerarquía Urbana: organización das cidades dun país segundo o seu tamaño e funcións; e relaciónanse no espazo formando unha rede urbana xerarquizada na que se sitúa á cabeza a cidade de maior categoría.

### Unidade 8: sector primario

- Acuicultura: conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico dos animais ou plantas acuáticas, ou no medio no que habitan, permiten controlar a súa reprodución e crecemento.
- Concentración Parcelaria: proceso, levado adiante por organismos públicos, que supón a redución en número, a regularización dos contornos e o aumento da superficie, do parcelario dunha determinada área, logo das medicións, topografía, economía... O proceso supón o intercambio de terras entre veciños.
- Explotación Intensiva: unidade técnico-económica da que se obtén produtos agrarios utilizando fertilizantes, maquinaria, novas tecnoloxías, etc.
- Minifundio: pequena propiedade ou explotación agraria (menos de 10 Hectáreas). Impide a agricultura competitiva e tende a desaparecer ou a mitigarse mediante políticas de concentración parcelaria.
- Política Agraria Comunitaria (PAC): política europea que controla a actividade agraria dos países da UE. Os seus principios fundamentais son: a unidade do mercado, a preferencia comunitaria e a solidariedade financeira.
- Réxime de tenencia: forma xurídica baixo a cal un empresario agrícola actúa sobre unha explotación agraria. Segundo o censo agrario poden ser: propiedade ou "de seu", cando o empresario e a súa familia dispoñen dun título de propiedade, ou na súa ausencia, por ter sido explotadas as terras por máis de 30 anos ininterrompidos; en réxime de

arrendamento (o empresario paga un canon); en réxime de parcería (pago dunha porcentaxe)...

- Rexión Pesqueira: división administrativa na que está dividida o Estado Español. Teñen perímetros diversos e distinto peso tanto pola cantidade como pola calidade das súas capturas, polo equipamento dos seus portos e a capacidade e modernidade dos seus barcos de pesca.
- Secaño: termo usado sobre todo en países de clima mediterráneo e que se refire a terreos que non utilizan para o seu cultivo outra auga que a que procede das precipitacións naturais.

### **Unidade 9: sector secundario**

- Enerxías Alternativas: enerxías de creación e investigación recente, que veñen substituír as enerxías antigas ante a posibilidade de un esgotamento destas últimas.
- Fonte de Enerxía: recurso natural do que procede a forza motriz que se precisa para o desenvolvemento dun traballo.
- Industria Básica: tipo de industria que realiza o primeiro proceso de transformación dos recursos naturais e os converte en materias primas para outras industrias. As máis importantes son: a industria química de base, a industria petroquímica, a siderúrxica, a do aluminio e a da construción.
- Industria de Bens de Consumo: tipo de industria que se adica a transformación de materias primas para o seu uso directo.
- Reconversión Industrial: restructuración e acondicionamento dos sectores industriais á nova situación da demanda e da oferta, mediante medidas político-económicas.

### **Unidade 10: sector terciario**

- Terciarización: proceso que se produce nos países desenvolvidos, polo que o sector servizos gaña importancia en detrimento do sector industrial. Débese á aplicación das novas tecnoloxías que deste xeito precisan menos empregados para a mesma produción.

### **Unidade 11: A Unión Europea**

- Globalización: proceso económico, tecnolóxico, social e cultural a gran escala, que consiste na crecente comunicación e interdependencia

entre os distintos países do mundo unificando os seus mercados, sociedades e culturas, a través dunha serie de transformacións sociais, económicas e políticas que lles dan un carácter global.

- UE (Unión Europea): comunidade política de Dereito constituída en réxime de organización internacional *sui generis*, nada para propiciar e acoller a integración e gobernanza en común dos pobos e dos Estados de Europa. Está composta por vinteseite Estados europeos, e a súa Unión foi establecida coa entrada en vigor do Tratado da Unión Europea (TUE) o 1 de novembro de 1993.

2º de Bacharelato Colexio Mariano